

# A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.  
Coste d'un núm. 15 »  
Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, id. 2 »

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Números 73 e 74

A CRUÑA 5 DE NADAL DE 1918

## A Asambleia nazonalista de Lugo

### MANIFESTO

Os persoeiros das Irmandades da Fala reunidos en Asambleia magna tida na cibdá de Lugo nos días 17 e 18 do mes da data pra conquerire do Goberno da Sua Maxestade El Rey a autonomía integral da Nación Galega e fixar n-un programa concreto as que coidan testas soluciós ós problemas que intresan d'un xeito fondonísimo á vida nazonal da Galicia, aprobaron e sosteñen, c-o corazón ateigado de esperanza e os ollos postos no porvir da nai Terra, as seguintes conclusiós, que fan públicas pra conocimiento e meditazón do pobo galego nestora solemne do albeo das nazonalidades que sinten tremelar a súa y-alma e fan xurdir a súa persoalidade.

#### I

##### Previa

Tendo a Galicia total-as características esenciaes de nazonalidade, nós nomeámonos, de oxe pra sempre, nazonalistas galegos, xa que a verbe «rexionalismo» non recolle total-as aspiraciós nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

#### II

##### Problemas constituentes

- 1.º Autonomía integral pr-a Galicia.
- 2.º Autonomía municipal, distinguindo o Concello aldeán do villego, axeitándose o Concello aldeán sobre da base do reconocimiento da personalidade xurídica das parroquias, que terán as súas xuntas, eleixidas antr-os cabezas de familia—petrucios—homes ou mulleres, pra termaren dos seus bés privados. Os presidentes ou cabezaleiros d-estas xuntas serán vocados ou Concelleiros da Corporación municipal e nomearán, de antre eles, o Alcalde que dirixa o Concello. As parroquias, con persoalidade xurídica, poderán contrataren y-establecere seguros e ins-

tituciós de creto antr-os veciños e adeministrare os bés comús, que o Poder Central terá de lles restituire dispoñendo o seu aproveitamento.

O Concello terá de sere, pol-o tanto, mais que unha organización de caracter adeministrativo, unha prolongación ou complemento das parroquias, como estas o son do fogar, que presidirá a vida económica e social das mesmas.

3.º Cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

4.º Federación da Iberia.

5.º Dentro d-esta federación, igoaldade de relació con Portugal.

6.º Credo n-a accidentalidade das rormas de Goberno, interésanos acrarar que non apelamos por nitugunha, mais simpatizaremos, dende logo, con aquela que se amostre mais doada pra chegarmos á federación con Portugal.

7.º Ingreso das nazonalidades da Iberia na Liga das Nazóns.

#### III

##### Problemas políticos

1.º Igualdade de dereitos pr-a muller.

2.º Custión eleitoral:

a) A función eleitoral terá de sere da responsabilidade do goberno e protexida pol-o Poder público.

b) Representación proporcioal como sistema eleitoral.

c) Non serán eleixibles os elementos que non rendan unha función útil pr-a colectividade.

d) A Asambleia decrara: que si nas eleiós pra Cortes Constituentes Hespañolas non se nos dera unha prenda en garantía exceicional pra que a vontade do pobo poida manifestarse con toda liberdade —pois co-as organizaciós oligárquicas de

oxe non sería abranguible—apelariamos ós representantes das nazonalidades Euskara e Catalana e, si elo non abondara, ó Estado mais afin ó noso, pra que na Liga das Nazóns defenda o noso dereito á liberdade cidadana.

3.º Acabamento das Diputaciós provinciais.

4.º Creación do Poder Autónomo, representado por un Xuntoiro ou Parlamento Galego, eleixido por sufraxio universal, con total-as facultás que a reforma da Constitución non garde pr-o Poder Central e sempre, pol-o menos as seguintes:

#### IV

##### Facultades do Poder Galego

1.º Nomeamento da Xunta gobernadora, que terá de exercel-o Poder Executivo, composta d-un Presidente e seis Segredarios encargados dos Departamentos de Administración, Xusticia, Enseño, Obras Públicas, Agricultura e Industria e Comercio.

2.ª Toda-las funciós adeministrativas.

3.ª Lexislación social, hasta n-aqueles casos nos que os problemas sociaes se extendan ás diversas nazóns da Iberia.

4.ª Reximen tributario, sin intervención do Poder Central, ó que somentes pagará o Autónomo a cantidade que se fixe n-os concertos económicos.

5.ª A potestade docente do Estado actual pasará enteira ó Poder Galego.

6.ª O reximen bancario, n-o que intervirá pol-a función social que oxe teñen os Bancos. A mesma facultade pr-a solución do Cretó Agrícola.

7.ª Correios e Telégrafos: O seu servico ó cárrego do poder Central: a súa creación será cousa do Poder Autónomo; o servico dos Teléfonos encarga do Poder



Galego. A censura n-estes servicios non poderá ser exercida pol-o Poder Central mais que no caso de guerra.

8.<sup>a</sup> Ferrocarris: A súa nazionalización. A lexislación sobor dos mesmos será facultade do Poder Central; a súa construción e administración en carga do Poder Autónomo.

9.<sup>a</sup> Portos francos. A lexislación e regulación do tráfico marítimo en carga do Poder Central.

10.<sup>a</sup> Si ven co-a Paz o acabamento dos exércitos permanentes, e no caso de que samente quedaran exércitos policías, tamén será facultade do Poder Galego á fixación das forzas que xusgue percisas pr-o orden interno de Galicia.

## V

*Custiós xurídicas*

1.<sup>a</sup> Sustantividade do Dreito foral galego.

2.<sup>a</sup> Derogación do artigo 5.<sup>o</sup> do Código Civil e reforma do seu articulado no que se refire á sucesión abintestato.

3.<sup>a</sup> A publicación das leises farase no idioma galego.

4.<sup>a</sup> Igoaldade de dreitos da muller casada, pol-o menos no caso da emigración do marido.

5.<sup>a</sup> A función dos Tribunales de Xusticia romatará en recurso derradeiro en Galicia e sempre realizada por funcionarios galegos.

6.<sup>a</sup> As terras dos pequenos propietarios qu-as laboreen consideraranse instrumentos de traballo pr-os efectos do embargo.

7.<sup>a</sup> O arrendatario terá dreito a unha parte da supervalía do arrendado sempre que sexa debida ós melloramentos producidos pol-o seu traballo.

## VI

*Problemas económicos*

1.<sup>o</sup> As custiós aduaneiras serán resoltas por concerto entre o Poder Autónomo e o Central, salvo o libre cambio de cereales.

2.<sup>o</sup> Reintegración inmediata á propiedade privada, pol-o xeito mais doado, dos montes do Estado, dos pobos e de propios.

3.<sup>o</sup> Repoboación forestal forzosa. Si os particulares non a fan, faría o Poder Galego por anualidades, gravando sobre a riqueza creada, o capital invertido mais os intereses. Reforma da lexislación civil n-este punto.

4.<sup>o</sup> A Asambleia declara de toda urxencia a resolución do problema dos gravámenes sobor da terra en Galicia.

5.<sup>o</sup> Tamén declara sere un crime con-

tra Galicia o permanente absentismo dos propietarios da terra.

## VII

*Aspectos artísticos*

1.<sup>a</sup> Proclamar a soberanía estética da Nación Galega que se exercerá:

a) Sobor as construcións urbanas e ruínas, ditándose unha lei que obrigue ós propietarios a axeitare o estilo das súas construcións ó estilo xeneral de cada vila galega.

b) Na expropiación de moimentos e paisaxes.

c) Na organización do ensino artístico, con creación d-unha escola musical galega.

Pol-o que mais queremos xuramos ser dos bos e xenerosos e leytade a estas conclusións.

Por todol-os Asambleistas, representados e adheridos, a Mesa Presidencial.

Na cibdá de Lugo a noite do dezaioito de Sanmartiño do mil novecentos dezaioito.

## PROSAS GALEGUISTAS

## IV

## SENSACIÓNS DA ASAMBLEIA

Irmandade.

Unha irrupción de mocidade, de pensamento novo e de quentura vital crebrou un instante o ritmo do vivir calado da vella vila de Lugo, de prestancia fidalga e solemne. Arelas de liberdade, de vida nova atraguían tal fervente confluencia d'enquietudes: díxérase ergueito de novo o fantasma de Faraldo.

Chegaban e saudábanse sen presentación, como si de sempre s'houberan coñecido, e sen perguntar chamábanse polos seus nomes. Eran os persoeiros das Irmandades da Fala.

Sensación d'irmandade, de cordialidade suprema.

E eisi coma eu entendo os tempos novos que serán os tempos non dos desleigados, non dos xenreiros, non dos homes d'alma tépida e rostro paxizo d'envexa, non dos escépticos nin dos arrivistas, senon dos que cenguida a y-alma de lume d'ideal están dispostos a seren irmaus pra sempre, dos *bós e xenerosos* n'unha verba...

Helenismo.

Eu non son un helenista. Son anticlásico cecais por ser galego. Mais, direivos...

Díxérase que n'Asambleia nazionalista de Lugo, todo o noso romanticismo—a y-alma galega é esencialmente romántica, mais aínda que romántica: *saudosa*—revestírase de serenidade clásica. Metérase en nós algo com'o *seny* dos catalás exaltado por Xenius. Eisi brilou en nós esa que chaman suprema virtude europea da fide-

lidade á verdade ouxetiva Sensación de preparazón, d'estudo, de respeito ás opinións dos outros. E tivemos unha cousa que nunca houbo en España: o don d'escoitar...

Ruskin con nós.

O Dr. Quintanilla propuxo y-a Asambleia acetou por unanimidade, declarar a Soberanía estética da Nación Galega que realizarase sob'as construcións privadas, a expropiación de monumentos e paisaxes y-o ensino artístico. A Nación Galega cando sexa dona de si, quererá manter sempre acesas na nosa terra, ond'haxa unha homenaxe ós nosos mortos que nela durmen e qu'a fixeron co seu traballo e ca sua carne nela sementada, as sete lámparas ruskinianas. A ditadura do vello Ruskin, qu'era da nosa raza e da nosa psicoloxía...

O deus Agni en Galicia.

«Abonda con botar ás doce unha ollada pola parroquia—dice o señor Banet Fontenla falando dos Concellos rurales—; ond'haxa un lume, ond'haxa unha chimenea que fumegue, eli hai un voto»... Y-eu ouvía ó señor Banet Fontenla coma s'estuvera lendo a Fustel de Coulanges. O señor Banet definía o vello y-eterno dreito ario, d'onde viñeran as leises do Manú y-as das Doce Taboas, as costumes xermánicas y-os cánones da Eirexa, todas las leises dos pobos civilizados, que vive mais qu'os imperios e nono tumban as revolucións.

Ond'haxa un lume, ond'unha chimenea fumega ás doce, eli hai un fogar, unha entidade real e viva y-eli hai un deus o deus Agni, na primeira persoa da súa triple manifestación que se chama aló na India o *fogo de Garhapatya*, centro da familia, base de todo dreito e de toda lei e de toda xusticia. Patriarcalismo, comunidade, supercidadanía...

Oh, estas cousas vellas com'o o mundo, que son as mais futuras! ¡Oh estas cousas tan d'onte que ninguen se lembrou xamais de cando poideron comenar, e que son tan de mañán e tan de sempre!...

VICENTE RISCO.

Ourense 20 Todolos Santos 1918

Asistentes a I.<sup>a</sup> Asambreira Nazionalista, de Lugo

Ourense: A. Losada Dieguez, A. Noguerol, Risco (V). Vázquez; Villagarcía: V. Paratcha, Briones; Pontevedra: Castela, R. Cabanillas; Monforte: Banet Fontenla, Sánchez Taiz, Díaz Varela; Santiago: Culebras; Ferról: X. Quintanilla, Carballa; Mellid: Ignacio Rodríguez; Ortigueira: V. Talbo; Mugla: G. L. Abente; Betanzos: J. Ares, Ferreira, Peña, Ramos, S. Mosteiro; Villalba: P. Peña Novo e Luis; Lixón: G. Cedrón; Lugo: Vega Blanco, Pérez Guerra, «Idea Moderna», e «Voz da Verdad»; Baralla (Lugo): E. Correa Calderón; Ferrreira do Val d'Ouro: R. Fernández Mato; Coruña: Villar Ponte (A. e R), Balboa (F), Veiga (V), Oxea (R), Casal (A), F. Zamora,



B. Varela, V. Macelras, A. Martínez, X. Faralado, R. B. Torres; Xexús Bastreiro, V. Casas, J. Robles, T. Rodríguez, C. Monasterio, Labra, X. Sarmiento, García Colmeiro (X. e C.), R. Ares, M. Vázquez, X. Berguer, F. Abelaira, Carballal, R. Gutiérrez, J. Garaloces, Antolín; Bayona: Rodríguez de Vicente.

## REPRESENTADAS E ADERIDAS

Ademais das persoas asistentes á Asambleira das Irmandades, hachábanse representadas n-ela moitas entidades e centros que non poderon asistir. Esi estaban representadas a «Xuntanza labrega» e «Sociedad de Instrucción», de Ponte de Mera; o «Centro rexonalista», da Estrada; a Federación de Sociedades agrarias da Estrada; a Federación agraria de Maraña; a Federación de Sociedades de labregos de Celanova; Sociedades agrarias de Touro, Pino e Arzúa; Patronato de Narón, Sindicato de Meirás; Sociedad de Agricultores de Mugá, etc. etc.

Mandaron sua adhesión numerosísimas entidades agrarias, e moitos particulares, entre os que merecen especial mención por acompañar as suas adhesións con traballos, ponencias e estudos pr-á Asambleira, os señores: Aurelio Ribalta, de Madrid, en nome do «Secretariado de Galicia»; Rodríguez de Vicente, de Pontevedra; que mandou un luminoso estudio, que non podemos dar oxe á publicidade por falta de espazo; Jesús García, de Arzúa; Manuel Vázquez, de Vigo; a Sociedade «Arlifios da miña Terra», de Ferrol; a minoría rexonalista do Concello do Ferrol: composta pol-os señores Cánovas, Santullo, Sænz, e Nores; Luis Bernúdez, de Barcelona; Angel Arcegui, de Vigo; Daniel Bascuñana, leader dos rexonalistas manchegos; Eduardo Santar y Lence Guillán, de Mondoñedo; o poeta, Avelino Rodríguez Elías; Xosé Sueiras, de Ribadeo; e pol-o derradeiro, as has admirables cuartillas do nos quitrado irmán Suso Cora Lira, auditor da Armada e outras de Xavier Montero, de Madrid, e de J. Viqueira, de Badajoz.

O ferrocarril central da illa de Cuba, que tería sido gran negocio e significaba o elemento mais perciso para vencer a insurrección—con a que nós simpatizamos sempre—non se fixo mentres o dominio d'España, por servir intereses particulares.

Foi un gran crime de lesa patria.

Pois con o ferrocarril da Costa repítase o caso vergoñoso do central de Cuba.

E outro crime de lesa patria e de lesa civilización.

¿Hai que pedir ao extranjeiro que nol-o impona? Pois se e perciso pedirásese, como pedirémosse o central galego.

Aviso a tempo.

## FOLLAS NOVAS

### “Fermosinda” de F. Porto Rey

Acaba de se publicar unha novela galega, que o seu autor nos manda con que-rendosa adicatoria que nos deixa moito obrigados.

Francisco Porto Rey que é quen a fixo, proba con ela o que já coneciamos. Ser poeta, bó poeta por riba de todo. Porque “Fermosinda”,—eisi noméa-se a obra—mais que novela é un poema en prosa.

Desde o renascemento literario galego en galego, iniciado nos tempos da santiña Rosalía e que agora s'intensifica logo d'unha tristeira solución de continuidade, rompida en boa hora polas “Irmandades da Fala”, orgaismos patrióticos de forte e punjente fecundidá, poucos traballos serios en prosa se tiñan feitos. Contos, pezas teatraís, coasi unicamente. Novelas e obras didácticas moi poucas. Conecemos daquela data unha novela de Ribalta, outra de García Ferreiro, outra de Novoa, e escasos libros de senso didactista, como o “Resúme da Historia de Galicia”, de Florencio Vaamonde, e algús folletos de Ribalta, etc.

“Fermosinda”, de Porto Rey ven a iniciar un novo momento literario de fondo intrés, cando já son moitos os que cultivan a prosa galega, e cando pasaron dous anos en que escrevêuse mais no noso idioma, que denantes nun século enteiro.

“Fermosinda”, ven a probarnos tamén, como já o probara Cabanillas con “Da Terra Asovallada”, que non é difícil imprimir geitosamente, a modo moderno e barato, na nosa terra. Porque a nova obra de Porto Rey, custa duas pesetas e está editada con moito primor, nunha imprensa de Vilagarcía, a do “Eco de Arosa”.

E inda ten “Fermosinda”, outro mérito imenso: o de ser custeada a sua edición por un grande capitalista e verdadeiro genio da industria galega: D. Wenceslao González Garra.

Cando o mais froldo da nova intelutualidade galega ténse já nazonalizado, e traballo con ardimento patriótico por impoñer a sobranía integral nosa no concerto das libres nazóns ibéricas, samente falla para o trunfo definitivo e súpeto do ideal galeguista, santo, grande e fecundo, que os elementos de maor releve no terreo do capitalismo junten seu esforzo ao esforzo común e redentor.

Neste senso aparece D. Wenceslao González Garra. Con os seus cartos custea a edición dun libro feito no noso idioma, namentras sabe crear, a forza de traballo e

talento, unha compañía navieira galega que está chamada a espréndido e fecundo desenrolo, e inda tamén a ser escola práctica dos mariños da patria. E pois, polo d'agora, D. Wenceslao González Garra, o noso home de negocios mais digno de loubas, merecente das bendicións de tódolos nazonalistas, que terá sen dúbida aloumiños de gratitude nas páginas da Historia de Galicia. Eisi ise genio da industria vai camiño de ser o Sota galego.

\*\*

“Fermosinda”, leva un pequeno prólogo de Gonzalo Albarrán, director do valente e culto jornal “Heraldo de Arosa”. E Gonzalo Albarrán é un dos mozos mais inteligentes da nosa terra.

Diciremos agora algo da nova obra de Porto Rey. Porto Rey conece o galego moito ben. E un grande artista e un notabre escritor. Douse conta, ademais, de que já pasaron os tempos en que samente tiñan-se que escribir en prosa galega contos “rústicos”, e porcadas grosas, propias de persoaxes en mangas de camisa, cando non chascarrillos andaluces de folla d'almanaque, vertidos ao noso idioma. “Fermosinda”, iniciá o bo camiño; o camiño que temos que seguir todos cantos na lingua na que falou o Rei Sabio, expresamos o pensamento e o sentimento propios, logo de nos dar conta de que o que en portugués fixo Eça de Queiroz, pódese facer con a mesma exquisitez en galego.

“Fermosinda”, emporiso, ficará honrando tódalas bibliotecas dos namorados das letras galegas, logo de conquistar un éxito grande nas livrerías, e despois de ter probado abondo que sobre os cativos fabricantes de novelas castelás que se chaman galegas, trunfan pol a fermosura da forma e do fondo os escritores enxebres.

Nosa embora mais agarimosa para o modesto e notabre colega Porto Rey. Pro tamén unha pequena advertenza. Ele conece moito o galego; dominao, já que fai alarde dunha riqueza grande de verbas enxebres. ¿Por qué, pois, ás veces, esquece os belos giros da sintaxis nosa sobre todo na conjugación dos infinitivos e no emprego dos pronomes? Sen dúbida non por ñoranza, senon por erros na corrección das provas da imprensa. E neste temas que fijarnos moito, ben polo que os mestres galegos nos insiñan ben atendendo moitísimo a moderna literatura portuguesa.



Tamén é preciso desbotar verbas que inda enxebres soan mal, como «cachola», etcétera, etc.

De calquer maneira con a publicación do interesante libro de Porto Rey, as letras nazonás galegas están de festa.

\*\*

Noutro número de A NOSA TERRA falaremos de «Contos e diálogos», de Leandro Carré Alvarellos e do folleto de Vega Blanco sobre a historia da Catedral de Lugo, que leva un prólogo do notabre publicista Tetimancy e Gastón.

## O DO «CIRCO D'ARTESANOS»

O distinguido jornalista, Sr. Martínez Morán nos ten mandado esta carta que con moíto gusto publicamos:

«Sr. Director d'A NOSA TERRA.

Meu prezado amigo: No derradeiro número desa Revista vexo unha carta referente ao «Instituto de Estudios Gallegos», da que sómente m'importa recoller a insidiosa alusión aa perpetuidade do cargo de Segredario, qu'eu teño.

Estes cárgos en toda as corporacións deste xeito son sempre perpetuos. En toda as Academias e institucións científicas, de constante traballo e d'orientación definida,—contémprense as d'España e de toda as nacións qu'as teñen— os directores e segredarios son de por vida, e ten de ser así, como aa caridvidencia de voste de non se li'oculta.

Pero, a maor abundamento, o Institut d'Estudis Catalans, corporación somellante aa nosa, ten anismesmo os cárgos perpetuos.

No hay, pois, pola miña parte ao menos, nengún intrés bastardo nesa perpetuidade; o que hay é desexo de traballar, que ninguén poderá censurar con razón.

Prégolle dé ao público estas liñas e son sempre seu adicado amigo

F. MARTÍNEZ MORÁN.

A Cruña, 16 San Martiño 1918.

\*\*

Inda que A NOSA TERRA non ten outra parte neste pleito que a de ofrecerlles hospitalidade a unhos socios do «Circo», que son también irmans da Fala, pola sua conta quere dicir que o espírito da carta por nós publicada no noso derradeiro número, fica en pe. E inda agora mais agrandado.

Descontese o da vanidá e canto polda ser molesto para os señores que forman no fato de perpetuos da Junta do «Instituto», pois nos non temos desexo d'aldraxar a ninguén.

Déase por boa a doutrina de que teñen que ser perpetuos os cárgos na clás de centros coma o do «Circo», cousa discutible.

¿Non resulta agora mais grande o atrevimento dos que, salvando á toureira a democracia e a vontade da milleira de socios do «Circo», fan a constitución dun organismo dependente daquela sociedade no que se poñen persoas en cárgos perpetuos, sin chamar nin consultar para nada con a Junta general?

¿Non val envolto en ese feito autocrático o suposto de que os organizadores do «Instituto», tñían desexo de seren eles os perpetuos, e temían o non selo si á Junta general se levase o pleito, como era e mais é aínda preciso que se leve?

Que o «Instituto», aprobara o a Junta e Indudabre. Logo, ademais do amor ao «Instituto», é lícito supoñer que tñíase o amor aos cárgos perpetuos e o medo a non conquerilos para quenes hoje disfroutan deles.

Sigue resultando mais que nunca o absurdo de que sin coñecimento dos socios do «Circo», se falga no «Circo», por catro ou cinco señores un «Instituto de Estudios Gallegos»,—¡qué diferente do catalán!—no que eles mesmos se nomean donos ad perpetuum.

O Sr. Morán n'estes puntos que s'ageitan a razón e que de público se teñen reconecido, pensará con nosco.

E non dubidará da nosa boa fe, como nós o non dubidamos da d'ele, sempre que obrigue aos seus colegas a faceren unha chamada a Junta general constituinte do «Instituto».

Porque a decadenza da Cruña ven destes monopollos de todo por tres dúcias de persoas.

## O MIÑO

Non; non pode ser qu'ó Miño, nado en terra galician, sopare do noso chan o chan d'un povo veciño e, máis que veciño, irmán.

Mais tampouco pode ser qu'ó río enxebre galego, no seu infindo correr pr'ó mar onde vai morrer, deixe o seu eterno rego.

Fai falla, si desexamos c-o irmán vivir de cotío en xuntanza, que tendamos por enriba d'ise río, cantos máis pontes poidamos.

Mais non pontes de madeira nin d'outra cousa groseira, sinon de brazos d'irmans que, d'unha a outra ribeira, estreiten as suas mans.

AVELINO RODRIGUEZ ELÍAS.

## A NOSA SOBERANIA

Dixo Cambó, falando no Congreso d'autonomía de Cataluña, qu'el non ademitía discusión acerca da intensidade da soberanía catalana. E indiscutible que tal é o noso problema. A soberanía gale-

ga en Galicia, pr'as cousas e feitos de Galicia, ten que sere ausoluta, sustancial, sin distincións nin cativices. Galicia ten dreito, un dreito fundamental, a ser dona absoluta de si mesma. E pra nosco, os galeguistas, non pode habere dúbidas n'iste aspecto. Temos de sere donos de nos, amos de nos. As nosas leises teñen que sere nosas e feitas por nosoutros, o noso pensamento ten que sere ceibe e voare na inmensidade universal, sin que ninguén poida parcelalo nin suprimilo. Nosco nos acondicionaremos á total-as condicións con esta condición previa: a de que ninguén é dono noso e que Galicia fará o seu propio destino, qu'è d'ela nada mais, e soio ela ante o pensamento mundial, será responsable das suas propias obras.

¡Nin tutores nin andadores! ¡Somos maores d'idade! Queremos selo, sobre todo. E a nosa vountade fará o milagre de nos dare a nosa soberanía, que non vai nin quere ire contra de soberanía algunha. Que cada un enterre a os seus mortos e que nos deixen enterrar os nosos. Que nos deixen, ademais, crear os nosos valores viventes, feitos das nosas esencias, tirados da nosa mais intensa sustancia, con carne da nosa carne e sangue do noso sangue. Que vive cada un coa sua propia carne e coa sua y-alma propia, que nosco non deixaremos de facere pautos nupciales con ceibe vountade. Faremos nupcias d'amore, mais non queremos escravitude de doóres. ¡Todo con cadeias d'irmandade; nada con cadeias de ferro e d'imposición!

Que si as cadeias son de ferro nos as limaremos, as trabaremos e deixaremos n'elas os dentes, o sangue, as bágoas. Seremos mártires ¡pro non escravos! Pra facernos esclavos pedimos e daremos esclavitude d'amore, san ledicia de libertade, morno agarimo de bicos irmáns. Pro sempre soberanos tratando con soberanos, de ti á ti. Queremos, como na conversa de Gauvain e Cimourdin, qu'os demais sexan reises con tal de que nos sexamos rañas.

JAIME QUINTANILLA.



## LOIS PORTEIRO

Tíña na frente unha estrela,  
ña no bico un cantar:  
A estrela dos que camiñan  
namorados de ideás,  
a estrellíña que alumea  
os eidos da libertá,  
a cántiga dos escravos  
que saloucan por voar,  
o canto armofioso e forte  
das Irmandás.

\*\*\*

Ven de riba. Ven mandado.  
Fixérano vir d-alá  
os que nos días de loita  
alentan nosos afáns:  
Curros o bardo solene,  
todo lume e maxestá,  
o das verbas feridoras  
com o filo do puñal,  
o que arrincándolle as cordas  
á lira, abatéu no chan  
as outas torres sombrizas  
do vello pazo feudal;  
Brañas, o místico mestre,  
roseira de santidás,  
que aceso no amor á Terra  
dounos o hino aideán  
y a fonte, en páxinas d-ouro,  
do dereito rexional;  
Faraldo, o rexo e valente  
soldado da libertá,  
grorioso camisa-roxa  
nas campas italiáns,  
o primeiro na demanda  
d-unha Suevia ldeyal,  
sin grillóns e sin coroas,  
¡A Suevia das Irmandás!  
Ven de riba. Tíña encarga  
do erguido e forte Pondal  
para crebal-a cadea  
na que levaba o compás  
do seu dor, aquel galego  
que lonxe do patrio lar  
relembando das campanas  
d-Allóns o ronco zoar  
dáballe adioses a lúa  
que se puña no pinal,  
aquele cantor da nostalgia,  
aquele forzado de Orán  
espello d-esta Galicia  
prisoneira de tírns!

\*\*\*

Tíña na frente unha estrela,  
ña no bico un cantar.  
No medio dos loitadores  
compañero e capitán,  
a man disposta ó traballo,  
aberto o peito leyal,  
un altar no corazón  
y a Patria sobor do altar,

era a fé y-o pensamento,  
a verba y-a voluntá.  
Chegou e no sulco aberto  
botou a montes o gran...  
y-ó porse os agros froridos  
baixo a quentura do vran,  
bicou as primeiras rosas  
e tornou, batendo as áas,  
co-a estrellíña azul na frente,  
no bico o enxebre cantar!

\*\*\*

¡Irmán, durme o teu sonol  
Os que oxe te lembramos,  
os que sempre teremos  
d-estar en onde estamos,  
doídos pol-a ausencia,  
magoado o corazón  
teremos de gardarche  
eterno acordamento  
leyales á Irmandade  
y-o noso xuramento:  
"¡ou libre pol-a morte,  
ou libres na rexión!,  
E si ó chegal-a hora  
as mañas da Inxusticia  
con tortos asoballos  
lle negan a Galicia  
co-a libertá das almas  
a libertá do chan,  
¡que a espada de Faraldo  
esquirva a nova historia!  
¡que os campanas d-Allóns  
repiniquen a gloria  
o crebarse as cadeas  
do forzado de Orán!  
R. CABANILLAS.

## NA MORTE DE LUIS PORTEIRO

De sócoto, no irto  
estrondo da batalla  
que alumea os sagros eidos  
co escentillar da esperanza;  
cal desaparece a estrela  
lumiosa que señala  
da libertá dos eidos  
o final da xornada,  
deixando os xenerosos  
loitadores da patria  
envolveitos na treba  
das soedades tráxicas;  
tamén ¡oh Loitadore  
da terra asoballada,  
que cos teus resplandores  
a loita alumebas!  
despareciches ti...

mais non da Liberdade a forte esperanza  
que cando un sol se pon,  
anuncia unha alborada.

\*\*\*

¡As turmas, corazóns!  
Nin salayos nin bágoas.

A termar da nevíña  
que él semeu nas almas;  
dos seus férreos propósitos  
de vere esnaquizadas  
as brutales cadeas  
que agrilloan a patria  
ate arrincar pra sempre  
da man que as ten coutadas  
a Tradición y-a Terra,  
o Dereito y-a Fala.  
Y-o día da victoria  
o resoal-o hosanna  
cando da grórla chea  
a enseña azul e branca  
pregoe nos curutos  
a libertade da razón galaica,  
entón ¡oh Loitadore  
da noble terra esclaval  
radioso de ventura  
virás dos trunfadores na compañía  
da terra n-outrota esquecida,  
da terra n-outrota aldraxada,  
trememente d'amore entoando  
a xurdia alborada.

VICTORIANO TAIBO.

Condado d'Ortigueira.

## © PINO DERRUBADO

:: A Lois Porteiro ::  
sementador de ideas

N-unha gándara esquivada e medofienta  
soyo un pino lanzal,  
fungando, resistía a carraxenta  
labazada do fero vendaval.

Baril y-erguelto cara o ceo sobía,  
as polas espallando no redor,  
das que de cote unha canzón saía  
de alento e de valor.

Mais a fouce fatal, rayo alcendido,  
no tronco d'aquel pino baticou,  
y-esuaquizado, sobre o chan tendido,  
para sempre ficou.

Y-ao caer, a semente esparramada  
anfiouse na gándara longal,  
que, c'os anos, hachouse trasformada  
n-un mesto plieiral.

Hoxe un pino caeu, barudo e forte,  
un valente morréu,  
pro a sua idea vencerá da morte,  
que unha terra fecunda a recolléu.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

## Liñas de dor

En Vilalba, vítima dunha traidora pulmonía finou a anciana nai do noso querido irmán Lois Peña Novo.

Esta triste nova énchenos de dó. A perda que sofre o conselleiro 1.º da «Irmandade da Fala» da Cruña é das que acugulan d'angu-

ria o corazón, magoándoo para sempre.

Era a nai do noso amigo da alma, unha señora todo bondade e dozura. Pro inda mais que por isto, tiña conquerida a devoción agarimosa de tódol-os nazionalistas galegos, porque no seu seio levou, para traguel-o ó mundo, a un dos

grandes apóstoles da santa causa da redenzón da Terra.

Nesta terrible hora que atravesamos Lois Peña Novo, hora d'amargura e de pranto, nós compartimos con o bó amigo e irmán a sua fondonísima pena.

¡Acouge na doce paz do chán galego aquela dina señora!



FALEMOS CRISTAINAMENTE

## Non temos problema de confesionalismo

Limos con fondosísima pena un artigo que comentando a juntanza feita pola «Irmandade da Fala» da Cruña para dar conta das concrusións da Asambleia nazonalista de Lugo, escribeu o Sr. García Ramos.

O Sr. García Ramos que se tiña mantido sereno noutros artigos sobre o noso manifesto, naquele do que imos falar, mostra un desejo crarísimo; o de facerse simpático a un señor d'opinión, atendendo por riba de todo á defensa d'intereses d'empresa. Coidamos nos primeiros momentos que o Sr. García Ramos podería ser un aliado noso, e isto enchianos de ledicia porque as horas son de suma e non de resta. Pero dounos termos que confesar que aquel señor sigue sendo a inconsecuencia—que para Pi y Margall equivalía á inmoralidade—nas custións políticas e sociaes.

Mas inda quixeramos atopar meios de disculpal-o. E non é posíbre, porque cando se fai da falta á verdade un argumento e dos sofismas arma, o abismo entr'os homes de boa e de mala fe, fica aberto.

Dixo o Sr. García Ramos que na juntanza da «Irmandade» tiñase visto pouca gente. E isto é mintir a sabendas. Porque o noso local no acto de que falamos estaba cheo de persoas; tantas, que por non atopar as derradeiras chegadas cadeiras nas que sentárense, en pe foron obrigadas a escoitaren os discursos. Apelamos ao testimonio de centos d'almas. E proceder asin non é geito nobre nin motísimo menos.

Polo demais, o mesmo Sr. García Ramos, con a mesma *san intención*, vota man de pantasma para descretar as nosas actuacións. Estes pantasma son o da forma de Goberno e o da aconfesionalidade.

Chamándose discípulo de Brañas, dixo que iste defendera un regionalismo monárquico. E non e certo. Porque Brañas no manifesto publicado por ele e por Cabeza León, já fai anos, procrababa a accidentalidade das formas de Goberno, resoltamente. E dicir, que o regionalismo d'entón, como o noso nazolismo d'hoje, coinciden neste punto por complot. Mas, inda que eisí non fose, os tempos cambian. E o que Cambó contestara a algú que lle dicitau que o seu criterio era diferente do de Prat da Riba: «Nin Pra foi o Corán nin nós somos musulmá», contestarémolo os galeguistas o mesmo cando se diga si Brañas pensaba d'iste geito ou do outro... Non temos mais mestre que a fecunda realidade. E ollamos tódal-as cousas con ollos novos.

Respeito á confesionalidade ou aconfesionalidade, non teríamos que falar nada, si o senso común fose mais común do que é desgraciadamente, e si a mala fe non abundara tanto.

Prantear aquele problema nistes momentos é tan absurdo, coma criminoso e antipatriótico. Simplistas chamariamos aos

que o plantejan, si non vivíramos decatados do seu laberquismo cuja esencia é o «divide e vencerás».

Non pode falarse de confesionalidade ou aconfesionalidade cando d'organizar unha forza para o conqwerimento da autonomía integral de Galicia se trata. Porque isto é trabucar o constituyente con o constituído. *Todol-os galegos* temos obriga de loitar pola autonomía. Porque a autonomía é *para todos*. E cando Galicia seja autónoma e por sufragio universal elixa os seus poderes, estes legislarán atentos ao desejo das maiorías que os teñan votado. Enton, será o momento de loitar civilmente dereitismos e isquerdismos. Denantes, como non queremos ficar escravos para sempre, *todol-os galegos* que s'ajunten con o objeto de pediren a autonomía, serán irmáns: unha forza e unha só vontade patriótica. Porque o Concello da Cruña seja da isquerda e os do Ferrol, Tuy e a Estrada—únicos que polo d'agora demostraron patriotismo—fosen da dereita poderíamos desbotar a sua ajuda? Cando se trata de defender o sustancial d'un país—autonomía, liberdade, persoalidade ou independencia—¿quén non sendo parvo ou antipatriota, pode rechazar o concurso de todos? Non vos di nada a pasada gran guerra? ¿Quén lles perguntou, por exemplo, aos franceses que juntos loitaron nas trincheiras pol-a sua confesionalidade ou aconfesionalidade? ¿Quén, religioso ou laico, dixo naqueles transcendentales momentos, «eu facerei esforzos pol-a patria sempre que a patria se procrame a priori orgaismo confesional ou aconfesional»? Que Galicia seja libre, é o esencial; pois cando o constituente se troque en constituído, os que gobernen impostos polo sufragio universal, pola vontade da democracia, facerán o que as maiorías galegas desexen. Nos outros, os nazonalistas, a quenes se nos quere esnaquizar con unha mala fe escudada no confesionalismo, logo de sere autónoma Galicia ficaremos trocados en singelos cidadáns-galegos.

¿Non vos decatades já do absurdo de pertender pór o carro denantes que os bois? Os sofismas de García Ramos no *Ideal Gallego* já foron, de certo, combatidos por outros jornaes católicos da nosa terra.

Pol-o demais, o movimento e o amor ás cousas demóstrase andando. E si se lle teme ao nazonalismo aconfesional, fágase outro forte e sin demora de geito confesionalista. Porque da síntesis dos opostos e da coincidencia dos contradictorios—¡oh Hegel!—pode nacer, e a lógica da nosa tesis fica en pe, unha forte vontade autonomista vindo por camiños diferentes. Do contrario, a arma do confesionalismo, coidarémol-a propia de caciques e defensores do *statu quo* caciquil que non dubidan en tomar-a relixión por cabeza de turco. E o

señor García Ramos neste terro, e afell's, moito sospeitoso...

Deixen, pois, istes galeguíns cucos a palabreiría cursi *demodé* na que se trai a conto o D. Opas, ao conde D. Julian, a Pelayo e ao mouro Muza. Nós homes do século XX, entrados na nova eade histórica que sinala a gran guerra, olamos a realidade de cote, mais atentos á estatua da liberdade que quer alumear o mundo desde Nova York que a estatua de sal da Muller de Lhot.

¿Son cristaiñas as nosas verbas?

## Nazonalismo

Pra Vicente Risco

O pobo entende pouco de nazonalismo, cando non lle fala ás febras do sentimento. As idelas políticas aséntanse sóbor o laboreo do intelecto, sóbor da íntima, espeltazón d-a conciencia, e percisan d'unha terapéutica moral nobre, artrulista e xenerosa. O povo inda non puido decatarse do xeito director e progresivo d'estes fenómenos—políticos, económicos ou sociaes—; non poido atendere ó cultivo d'esas forzas ferventes e intensivas que transforman normas e sinalan novas estradas.

Por outro xeito, o representante do povo, ó político d'oficio, non l'importa un res o nazonalismo; ou non lle interesa, porque o íntresarlle inquedarí-o e perturbaría seus folgos e súa voluptuosa pregulza, ou coida n-él a posibilidade d'unha perda de dominio, de influencia e pol-o tanto súa bancarrota persoal. Seguir como s'está; velal un bon programa, predileito do político gallego.

O enunciado do nazonalismo gallego, do noso nazonalismo, fervente nas y-almas enxebres atelgadas de forza e d'amore, debera ir diante de toda Galicia, sin distinción de crás algunha. Abondaría, pra segullo no seu desenvolvemento e camiño, solmente ser nado en Galicia, sentila e pensala. Isto e algo así de senso común. (Compre acrarar que emprego esta frase como algo que «salta a vista». Pol-o demais, teño do chamado senso común o plor concelto e moi malas referencias). Aínda dáse o caso de que hay quen mira con indiferenza e inda con recelo o ideal da nazonalidade gallega. Pero ¿cicáls o trunfo d-esta idela non sería o trunfo de todos, o trunfo de Galicia? ¿Cicáls íntresa solmente as *Irmandades*, n-os seus impulsos patrióticos e progresistas. e non tamén a toda entidade, a toda corporación, a todo cidadano gallego? ¿E que un idelal d-esta natureza non val a trocarse sinon n'unhas calderillas que vánse a repartir entr-os chamados sofadores e románticos? ¿Santo romanticismo e santos ensonos!

O político gallego dóulle moi pouco creto a súa propia capacidade—xusta s-entende—e non polde achegarse con nobres curiosidades ó movemento nazonalista, porque, recelooso e parvo, coida qu'o éxito socava seus fueros dentro do seu radio d'alción. Y-él se encárre-



de o porlle todo-los orgos da súa hostilidade y-a resistencia vountaria d-aqueles cidadanos qu'operan ó tun-tún as súas órdes.

¿Cabe dentro da Galicia un ideal nazonalista? En todo caso, si e qu'hay n-eles algunha posizón ideolóxica—que ben o dubidamos—eso é o que deberan facer ouxeto de problema polémico os caciques e toda esa caterva de políticos africás que se revolven e desprezulan ant-es empresas libelradoras e sementan a mala fe y-a cizafia n-os coutos do seu arbitrio feudal. Y-entonces polderíamos discutir e darlasenos oportunidade de poñer diant-os seus ollos as características integrantes d-as nazonalidades, n-as que figuramos con relevo e dereito propio.

Os grupos étnicos teñen unha fisonomía inconfundible. As nosas cualidás diferencíales constitúen unha persoalidade con todos os xeitos temperaméntales e psicolóxicos. Auxtaposizón d'elementos non quer decir fusión de caracteres específicos. N-o xeográfico, filolóxico y-ético somos un povo, unha nacionalidade.

Teimos de loitar. Toda causa outa e xusta ten aparelados sacrificios y-herolismos. Pr-os espíritus acesos hastra as prazas públicas son púlpitos unxidos por púrpuras ideas insensentes e grotiosas...

ROBERTO BLANCO TORRES.

## LOIS PORTEIRO

Verbas do mestre señor Cabeza de León

A perda que a causa do galleguismo tivo ca morte de Porteiro, é d'aquelas que nunca chorará bastante a nosa patria. Porteiro valía por unha lexión. N'él, por un miragroso esforzo da Natureza, axuntábanse omentas e validosas cualidás, que xeneralmente repártense antre moitos. A súa intelixencia era das máis grandes, craras, barudas, que se podían atopar n'a inteletualidade xuvenil española: o seu corazón, un forno abrasado n'o amor á terra gallega, po-la cal todo sacrificio parecíalle pequeno, e a quen pode dicirse con toda verdá, ofrendou, n'un traballo cotidiano e abrumador, a vida prematuramente, idiotamente, roubada por cega e traidora morte.

Intelixencia tan outa, corazón tan fidalgo, estaban servidos por un verbo cheo d'elocuencia, verbo que ó saír dos beizos d'aquel indomable campeón da libértá gallega, soaba con estrondos de catarata, alomeaba con folgor de lóstregos, bicaba e fería, como noso gran Curros quiriá bicasen e firisen suas valentes triadas.

¡E tanta intelixencia, tan inxente amor á terra, apagáronse pra sempre nas frías oscuridás do sepulcro!

¡Aquela esprendorosa palabra que de cote tronou contra dos inimigos de Galicia e en defensa das santas libértás da rexión, xa nunca mais s'escoitará nos nosos campos cheos de tristura; xa non fará tremar de medo os caciques altos e baixos, fillos

desleigados d'a patria, que lonxe d'amar e honrar á súa nai, fan canto poden por humilla-la e emprobecela

\*\*

Tivo Porteiro crárisima idea dos problemas galegos e da maneira de resolvelos: xusgo que n'eso nada l'aventaxuo. Espalladas n'algunhas publicacións—poucas por disgracia—e en conferencias e discursos, quedan moitas d'as suas ideas. A medida que a nosa xuventú vaya intresándose po-las cousas da terra, e coide máis de saber do que pasa n'a casa propia que n'as alleas, e pense que se pode ser gran poete, outo escritor ou sabio mestre, sin necesidá de ser nado en Nicaragua ou n'a India nin siquera en París, o nome e a labor de Porteiro, serán máis conecidos e estimados.

Estivo esa labor ispirada n'un sentido democrático que todos concedes. Porteiro foi un esforzado e incansable defensor das crases traballadoras: en pro d'elas loitou hastra o derradeiro momento da súa vida tan corta como chea de merecementsos. E fixo-o, non soilo por amor ós probes, ós pequenos, e por espírito xeneroso e por anseas de xusticia, seun porque creia, como creo eu, qu'os nosos problemas son esencialmente problemas das crases omildes. Tal carácter non se atopa, ou polo menos non se atopa con tanta forza, n'as outras rexións da Península: en Galicia é, e ten que ser, nota fundamental das reivindicacións rexionalistas. Suprimide aquí c'o pensamento, ós labregos e ós mariñeiros, botade a un lado as custións da terra ou do mar co-eles relacionadas, e dicídime que queda como problema propiamente noso, e que poida prantearse en Galicia de maneira distinta qu'en calquera outra rexión ou pobo do mundo.

¡Cantas veces falamos d'eso Porteiro e eu! E cantas chegaron nosos discursos á conclusión de que quizáis o carácter qu'ahí queda sinalado, esprique como na nosa terra, ó rivés do que n'outras pasa, as crases ricas, os señores, non sintan, en xeneral, o rexionalismo: e se algunha vés fan profesión de fe ou cousas que a ela parecen somellarse, mirándolas ben, vese non son mais, senón noxentas caricaturas:

Pecado do entendemento, por falta de comprensión e de cultura; do corazón por sobra de egoista friaxe, esprican ese alexamento das crases acomodadas, qu'a derradeira ha de serlles moi perxudicial. Se teñen ollos e queren ver, miren o qu'está pasando no mundo á hora presente, e deprendan; que moito se pode deprender en pouco tempo e con pequeno esforzo do entendemento e da voluntá.

\*\*

Antre os nomes dos fillos grotiosos da patria que por ela loitaron sin trégolas nin desmayos, brilará con lus viva e perene o nome de Lois Porteiro. ¡Qué cedo fuxeu pra sempre do noso lado! ¡Cantas risoñas espranzas, cantas doces ilusiós, canta vida, canto rico porvir, caíron d'un golpe brutal, pra nunca mais erguerse, dentro d'un cativo anaco de terra! Pro si esta nos roubou

o corpo de Porteiro, a súa mamoria debe vivir e vivirá no corazón de tod-los amantes de Galicia; o seu recordo alomeará o camiño por onde se vai á conquista da libértá pra nosa terra; o seu espírito, como o d'aqueles grandes patriotas que nos deixaron lumiosas insinanzas ou nobres exemplos, guiará as bandeiras dos loitadores galegos, hastra conseguir a victoria n'ese porfiado combate onde se pelea po-lo trunfo da xusticia e po-la redención da nosa nai cautiva!

SALVADOR CABEZA.

DE RUBEN DARIO

## GAITA GALAICA

(Traduzón de B. Correa Calderón)

Gaita galaica, sabe cantar  
o que profundo e doce nos é.  
Dis d'amor, e dis despóis  
d'un amargor com'o da mar.

Canta. E o tempo. Faremos danzar  
o fino verso de rítmicos pés.  
Xa nol-o dix'o Ecclesiastés:  
tempo hai de todo; hai tempo d'amar,  
tempo de ganar, tempo de perder,  
tempo de prantar, tempo de coller,  
tempo de chorar, tempo de reir,  
tempo de rachar, tempo de coser,  
tempo d'espallar e de recoller,  
tempo de nacer, tempo de morrer.

AVISOS COMENENTES

## ALBA, ENIMIGO

Alba, este cubizoso de medro, este pallazo da vella política, este gran cacique valisoletano que hoje ten millóns que non tiña—¡mal pocado!—cando o colleran Costa e Paraiso de cagatintas a soldo para a «Unión Nacional» agora síntese izquierdista con objeto d'engayolar ás izquierdas.

Alba, traicionou a Costa, traicionou a López Domínguez, que repersentaba un matiz democrático, sirvindo de triste recadeiro de Moret o autor da lei de Jurisdicións, cando a «crisis do papellito»; traicionou también a Villaverde, a García Prieto e inda se traicionou a si mesmo ao facer bandeira do seu proiéccto de beneficios extraordinarios, para logo enterralo, sen deixar a carteira e ao saír do Goberno chamado nazonal.

Alba é o inimigo dos socialistas de Valladoli, quenes por mor déle non teñen diputado propio.

Alba, nen aliadófilo nen germanófilo, mentres non veu craramente quenes sairían vencedores, agora se chama aliadófilo; agora é dos que como dixo Briand; van «no socorro e na ajuda dos vencedores».

Pois Alba, é, galeguistas, noso fero eni-



migo. Non quere autonomias, nen povos libres. Seus orgos na imprensa— «O Herald» noxento e «O Liberal» farsante, lembradores das páxinas mais vergoñosas de España, como «O Figaro»—dixeron craramente: Alba repersenta o centralismo democrático contra o autonomismo catalán e vasco.

#### DO HOMENAXE A PORTEIRO

### Verbas do noso artista

O noso guía Porteiro, morreu. Non ter en quén vingal-a sua morte, écheme de carraxe. ¿Quén matou a Porteiro? ¿Por qué morreu Porteiro, vivindo n-os nosos eidos tanto fino galopin?

Os d'as ideas cativas pintadas de purpurina ben poden botar un neto pol-a morte d'o home d'as ideas de ouro; os que cobren coa bandeira roxa e loura a morea podre d'as suas comenencias ben poden facer festas pol-a morte d'o home d'as ideas encoiras. Os qu'engayolan ás xentes con adoas de vidro, están d'embora véndon-os ós rabelos facel-o planto n'a morte d'o noso guía. Mais... que non runflen os galopins, coidando que Porteiro morreu de todo. Non; certo é que o noso irmán grande finou, mais as suas ideas viven e medran, mentras as ideas d'os seus enemigos xa cheiran a podre,

Facer trunfar o Ideal que tanto amou Porteiro é a nosa obriga. ¡Adiante, irmáns! ¡Viva Porteiro!

CASTELAO.

Recollendo o desejo de moitos dos concorrentes á grande Asambleia de Lugo, o gigante poeta Ramón Cabanillas propuxo e s'acetou por unanimidade, téndose levado á acta o acordo, que A NOSA TERRA é polo d'agora o único orgo oficial na imprensa do nazonalismo galego.

Canto, pois, publiquen outros boletíns se o noso non confirma, ficará sin autoridade, non merecendo creto.

Os traballos firmados, no adiante, serán da responsabilidade dos seus autores, podendo reflexaren ou non, o criterio oficial do nazonalismo. Este criterio, en troques, latejará sempre nos artigos e verbas sin firma.

#### DE MOITO INTERÉS

### Chamamento a todol-os cidadans

*A todol-os galegos que desexen a autonomía para Galicia, a todol-os cidadans, sexan do bando que queiran, e que non pertenezan a partidos caciquis, pregámoslles s'adiran a idea de formar un orgaismo transitorio, compatible con calquer criterio político, para esixir do Poder central unha garantía excepcionalísima que permita ao noso pobo cando se fagan as primeiras eleicións de deputados a Cortes, sexan ou non Constituentes, exercer o dereito do sufraxio con prena liberdade.*

*Si Galicia quere progresar e deixar de ser unha cousa vergoñosa no novo senso da post-guerra, percisa termare denantes que de nada e con urxencia, de ter repersentantes lexítimos e non cuneiros froito do centralismo.*

*Ténsese que facer, pois, ese orgaismo transitorio e democrático moi axiña, para dar con aquela fórmula de garantía que arrinque das máis das oligarquias hoxe domeadoras a función electoreira. Isto é base para todo. Os nazonalistas galegos pregan a axuda de cantos se sintan homes libres para tal fin, ou ofrecen o seu concurso entusiasta a quenes pola sua conta collan a iniciativa.*

*A oportunidade e a previsión son armas trunfales.*

#### Unha estrofa do noso Himno

Na Asambleia de Lugo acordouse que en tódolos actos oficiaes nos que se cante o himno nazonal galego s'incruya ista estrofa, feita por Pondal com'as outras para a música de Veiga.

*A nobre Lusitania  
os brazos tende amigos  
aos eidos ben antigos  
con un punjente afán;  
e cumpre as vaguedades  
dos teus soantes pinos,  
d'uns máxicos destinos,  
¡oh grey de Breogán!*

#### O PROBLEMA DA ESCOLA RURAL

### Para os galegos das Américas

Na Asambleia de Lugo estudáronse tódolos fautores de nazonalización e da desnazonalización. Houbo coincidencias d'opinión sobra escola aldeán. E o señor Rodríguez de Vicente, de Bayona, persentou unha notabre ponencia. N-ela dise que as escolas rurás, polo general, son preparato-

rias para a emigración E mais que as do Estado aínda e que as particulares, aquelas que con moi boa fe, digna de louba, pero con imenso trabucamento, teñen fundadas no noso campo os emigrados nas Américas. O geito corrente do insiño en todos estes estabrecimientos é de darll'as costas á terra, ao campo galego e de fondo divorcio con a vida rural. Causa que si non fose pola boa fe que nela lateja e pola inconsciencia que supón, tería que ser chamada crime de leso galeguismo.

Si se quer—dicia fai tempo nun artigo unha autoridade na custión, don Federico Maciñeira—capacitar ao labrego para o cultivo centífico, se ten que procurar que a escola aldeán renda homes aptos para descubriren na sua terra o campo de traballo reproductivo e úteis para faceren ista, labor, separándoos, con o ollar dun persente grato, da obsesión dun porvir dubidoso en terra lonjana Si se dese nas nosas escolas aldeáns educación e insiño ageitado as condicións e necesidás d'ista fermosa terra (tan pródiga para quenes saben tratala con agarimo) despertando entr'os alumnos que a elas acoden o intrés por tódalas cousas d'órde moral e material relacioadas con a vida campesiña, erguendo o murcho espírito rural; si elas, en fin, constituiran o punto de partida para fomentaren a vida rural en campos tan belos, decatariáanse axiña nosos labregos de como reune o país condicións d'abondo para sustentar dobre poboación da que ten e disfruitar aquela dun nivel meo de benestar igoal, cando menos, ao dos Países Baixos e Noroeste da Francia, tan somellantes ao noso nas producións, pro inferiores pola natureza, con o que s'esmorecería do ánimo dos galegos a fatal febre emigratoria, que tan pouco di en favor do noso progreso.

Regenerar a escola rural, entende, pois, a Asambleia nazonalista de Lugo que é quizais a millor e mais urgente obra patriótica.

Tamén o entenden asin o Sr. Maciñeira e a Sociedade agrícola d'Ordenes La Honradex, que perside o gabado escritor don Julio Pol, e polo mesmo os nazonalistas galegos acordaron facer unha circular que se mandará as sociedades d'instrucción dos nosos emigrados nas Américas, para pregarlles con fondo agarimo que termen de que as escolas que sosteñen en Galicia sejan escolas nazonalizadoras e non fautores de desleigamento: porque o porvir dos galegos está na sua terra propia.

#### AOS NOSOS LEITORES

Por mor das ocupacións que a Asambleia nazonalista de Lugo trouxo para cantos escriben e adeministran este boletín, «A Nosa Terra» non poido sair o derradeiro día 25. Hoxe damos os dous números xuntos.

Pol-o amor ao ideal pidimos disl-mulo para aquela falta a cantos nos favorecen con a sua axuda.



O SEPARATISMO ESTÁ EN CASTELA

# As leiciós da realidade

Ao mesmo tempo que os povos de Castela piden a autonomía para eles apontan a protesta contra da autonomía catalana.

Fal anos, poucos aínda, para os povos de Castela unha singela descentralización era un crime. Non fal dous anos, o conde de Romanones dixo que no Parlamento non se podía falar da autonomía. Apraudiron moitos dipudados.

Hoje Castela, atopa boa a descentralización; colda antipatriótica a autonomía integral.

Castela, a hegemonía castelana, si non tiñese demostrado já que é culpable de todas as decadencias ibéricas, agora demostraríase.

Somente ela quere ser autónoma; porque con o regímen centralista tido até agora, ela domina. Impón a súa fala, as súas leis, os seus costumes, os seus produtos.

Ja non son separatistas catalás, vascos e galegos. Os nazionalistas de todas estas terras queren unha grande España.

Os únicos que predicán separatismo son os castelás, que queren que sigan esmorecidas as enerxías das rexións para eles ficarem impondo seu espírito hegemónico, como de cote. Separatismo predica o Círculo Mercantil da corte. Separatismo predicán outras entidades castelanas semellantes ao pidiren que Cataluña sométase, ou de non se lle declare a guerra económica.

Castela ve o problema catalán como ven o de Cuba. Ten o criterio simplista de sempre. Non logra decatarse da complexidade da vida moderna.

E ise povo que primeiro foi centralista fero, logo atopou boa a descentralización e agora combate cegamente a autonomía integral—que dentro de dous ou tres anos quizais chegue a considerar útil—pode inspirar creto a ninguén? ¿E base firme para o cimento da política moderna?

¿A qué s'opón Castela? Oponse a que España teña o regímen federalista que hoje en todos os Estados máis importantes do mundo áchase establecido. Oponse ao desenvolvemento do imperativo biolóxico. Quere ser ela nunha España pobre, mellor que todos nunha España grande e forte. Quere ser soberana sobre todos, mentras os nazionalistas arelan a soberanía para todos. Porque Cataluña se governe a si mesma, no que é propio dela, e a si mesmas goberñense Galicia e Euzkadi, quedando tamén Castela con a mesma liberdade, contra quen s'atenta? ¿Que se lle rouba eisi a Castela? Nada. Eisi somente esnaquízase aos tiráns que en nome da hegemonía castelana, asovallaban o espírito, a conciencia e a natureza das diversas nacionalidades ibéricas.

A liberdade para eles; a escravitude para os máis.

O espírito hegemónico de Castela oíla feros inimigos na oficialidade das linguas da Iberia. ¡Já oral! Como as linguas impoñense progresan e trunfan, conforme ao número de valores espirituais e materiais que representen, os povos céntricos de fala castelana, decátanse de que nas linguas diversas da Península ven xermolando unha cultura nova e fonda chela d' esencia de liberdade, acugulada de fermentos europeos.

E o espírito hegemónico de Castela valdeiro de valores, pesl-a cinco séculos de dominio e imposición, cré perigoso para a súa existencia o que non fiquen escravas como até agora, as linguas que representan a y-alma colectiva de povos vivos. A diferenciación leva á universalidade. E eisi, namentras con a lingua de Castela, asovallados por ela, falen todas as rexións d'España, a cultura catalana, a galega, a vasca, serán sempre prístoras e pregoelras dunha só cultura: a castelana.

¿Qué valor positivo e fecundo non significarán as linguas naturais, cando Castela con a súa superior por ter sido empregada oficialmente desde fal cinco séculos teme a liberdade das que podendo ollar escravas, chamou, despectivamente, dialeitos?

E lnda haberá parvos que afirmen que iso das linguas non ten importancia? Galicia e Cataluña; somente serán valores universais, tendo unha cultura propia dona dun verbo propio.

Cando a inconscencia centralista pideu para abrayar a Cataluña a liberdade económica das rexións, Galicia, dixo, por boca dos seus fillos millores: ¡Veña esa liberdade económica! ¡Abaixo o proteccionismo! Porque os casteláns non se decatan de dúas cousas: de que eles sin regímen protector non poderían viviren—ben o saben os trigoelros e donos de debesas de touros de lidia—e que, Galicia, en froques, vítima maior dos trigoelros casteláns, é a única nacionalidade española que ten todas as condicións necesarias para ser povo independente no senso económico, que quer dicir en todos.

O castelansmo aldraxaba denantes a Cataluña dicindo que Cataluña vivía a conta do resto d'España, exíxindo e impoñéndose sempre. Agora que Cataluña desmintindo aquele aldraxe quere vivir do seu, sin negarse a vivir tamén para España, o castelansmo, sempre fallo de lóxica e de senso común, empéñase en que Cataluña agéitese como ao mellor ao que aquele censuraba denantes.

Cando Cataluña pidía somente para si, era unha egolsta. Agora que pide para todos os povos ibéricos e que quer para todos o que para ela desexa, o castelansmo, chámalle antipatriota.

¿Ollase craro que já non hai mais antipatriotismo en España que o castelán? ¿Non vos decatades de que non existe outro separatismo que o que houbo sempre: o do centro?

Polo derradeiro: Cataluña demostrou, pranteando agora o seu problema, que pensa por todos os hespanoles: porque sabe que na Conferencia da Paz e na Liga de Nacións somente terán acollida os Estados que haxan resolto a súa situación interna.

E o castelansmo e as oligarquías vergoñosa d'España non se decatan disto. Se non lembran de Santa Bárbara, até que trona. A autonomía das nacionalidades ibéricas é pleito internacional.

Castela s'opon á autonomía integral das rexións, porque ista autonomía perxudicaa. Logo, Castela reconece, ipso facto, que as máis rexións están perxudicadas por ela.

A. VILLAR PONTE.

O PREITO VELLO DO FERROCARRIL COSTEÑO

# A DISCULPA DOS CULPABLES

O ferrocarril da costa non se fará. O ferrocarril da costa háchase, hoxe cicais mais que nunca, moi alonxado da súa construción. O proieuto de liña férrea, feita con capital norteamericano, que unirá a Vigo con Irún, e que certamente terá outro trazado que o que se asiñalou de cote pra a liña da costa, retrasa, sinón líquida pra sempre, o preito tan falado da nomeada liña. Poden, pois, os pobos intresados na construción do camiño de ferro citado, agardar sin presas aquilo pol-o que tanto fixeron. E posibre que a liña caia algún día, feita e dereita, dende o ceo. Mais, agora, entrementras qu'isto non sucede, ocúrresenos perguntar: «¿Quén tivo ou ten a culpa de que tal ferrocarril se non faiga?» E ista pregunta, feita a todos e a cada un dos que compoñen o vecindario dos pobos por onde tiña de pasala *non nata* vía férrea, con rara unanimidade é contestada: «A culpa é de Cambó. Cambó foi o culpable de que se non faiga o ferrocarril». A alimentar tal insidia, insidia coá que se pertende encubrir unha moi noxenta laberqueiría, contribuien eisclusivamente os políticos ou os criados de políticos que na aludida comarca mandan como señores ausolutos.

Mais vindo a contas e indo por partes preguntamos: ¿O Sr. Cambó por ser catalán e por ser nazionalista tiña a obriga de faguere por Galicia aquilo que os galegos —e conta que son ben abundosos os nados en Galicia que ostentaron e ostentan outros cárragos—non souperon ou non quixeron faguere? ¿Non houbo denantes do Sr. Cambó outros ministros de Fomento que con mais tempo que él—a súa permanenza no ministerio foi de sete meses escasos—nada fixeron pol-o ferrocarril? ¿E que por visitare Galicia Cambó tiña xa o compromiso de faguere un ferrocarril pol-o que nunca, eisi, en ausoluto, nunca se moveron en firme os pobos intresados? ¿Qué aitudes de enerxía se empregaron na comarga galega que vai dende Ferrol a Asturias pra conqueril-o dereito a que o ferrocarril fose considerado como preito inaprazable? ¿Qué xesto enérxico e qué resposta digna á súa eispricazón sobor do ferrocarril puido ollar Cambó nos comisionados, mansos e respetuosos, que o visitaron cando o seu viaxe a Asturias? ¿Qué procedimentos de eisixenza seguiron na comarca intresada á denegazón do ferrocarril? ¿Quén é d'ante a masa carneiril o que pode dicir que non se deixen levar pol-os engaños con que os políticos representantes dos pobos intresados souperon manter a istos silenzosos e humildes, utilizando pra elo promesas de votos particulares, interpelazóns, bloques parlamentarios, etc., que sempre se malograron—ouh casualidade!—no perciso momento de térése que levar á práctica por eisixenzas de un mentido e noxento patriotismo?...

Xa sabemos que ninguén responderá a



istas preguntas. Mais nosoutros de xeito sintético, e como respondendo sin querere responder, decimos que o ferrocarril, e isto séipase d'unha vez pra sempre, non se fixo ou pol-o menos non se puxo en vías de faguérese, porque os Valerio, Gullón, Soto Reguera, Bustelo e demais peixes que capitanean a borregueiría da comarca costeira do norte de Galicia, verdadeira comarca de escravos, non fixeron nada por él, ausolutamente nada. Mais aínda, moi posiblemente foron enemigos encubertos por mor das fortes amistades qu'os ligan ós seus amos, ós cabecillas de todas as oligarquías moribundas que, pese a quen pese, axiña darán en terra, cabecillas que como todos saben, tanto agarimo desintresado sinten pol-as grandes empresas que teñen asoballado ó Estado, repartíndose a súa potencialidade económica, e pra as que non hai enemigo pequeno... Promesas, engaños, boas verbas e... sempre o mesmo. ¡Que ben resulta isto de ter a quen pendurare o morto!

Os representantes en Cortes, os alcaldes, todos, n-unha verbe, os que ostentan algún cárrago representativo nos pobos por onde tiña de pasalo o ferrocarril eran os chamados a autuare sen acougo até que a nomeada liña fose un feito. E ¿qué fixeron? Agardar, agardar sempre a que graciosamente se concedera un ferrocarril que, como o da costa, tiña de vir a disminuir moitos beneficios de empresas hoxe potentes, que teñen como salvaguardia suprema dos seus intreses unhas consellos de administración integrados pol-as planas maiores dos partidos de vaso e grifo, até o de agora turnantes, e de cuíñas planas maiores os representantes en Cortes, alcal-

des, etc., son meros criados, feles cumpridores dos caprichos oligárquicos.

Nin unha soia vez houbo na que, anunciándose unha campaña forte e rexa pol-o ferrocarril, non viñesen os mandatos dos labercos acougando os azos, ceibando verbas de prudenza, aconsellando esperas. E todo pol-o patriotismo, no nome dun patriotismo cuia esenza e mantel-o actual *statu quo* caciquil, africano e deprimente. As aitudes airadas, as represalias xustísimas, as eisixenzas ateigadas da razón son notas dun marcado *releve antipatriótico* que dispoñían nas terras norteñas de Galicia de seu tan mansas, tan apacibles, tan sofridas e caladas... A quietude dos fakires indos sempre foi mais froitífera e fecunda que a existencia, toda aución, dun enerxético. N-as Arcadias macias, silenzosas, non caben outros ruidos que os ceibados pol-os carneiros que triscan a herba mol das súas campañas verdecentes, sin que por iso seipamos si d'elo ten tamén a culpa Cambó. Por mais que moi ben puido sere, toda vez que, agora mesmo, a súa lembranza tivo a culpa de que nos decatásemos de que García Prieto é o actual ministro de Fomento, sin que por iso o preito do ferrocarril haxa adiantado nin o mais mínimo nin leve trazas de adiantare.

R. VILLAR PONTE.

### Coutación oportuna

García Ramos, como moitos germanófilos hespañoles, o único que admiraba de Alemania era o militarismo e o réximen antidemocrático.

Para García Ramos e outros dereitistas

de cerebro simplista, que non saben falar mais que por comparanza e nunca con criterio propio, o regionalismo galego tiña que ser monárquico. Só sendo monárquico inspiraría confianza aos partidarios do confesionalismo.

Endeben: o gran partido católico alemán acaba de procamarse republicano e antimilitarista, sin exigir a previa confesionalidade do novo Estado o'Estados do seu país.

De maneira que o señor García Ramos vive na horta. E coma ele moitos mais.

### Peneirando...

A Diputación provincial de Madrid propón o estreitamento de relacións con Portugal entre outras cousas para facer máis grande o desenvolvemento do idioma castelán.

E dicir: para castellanizar a Portugal.

Este condanado centralismo a base da hegemonía de Castela, non escarmenta.

Cando tódalas nazóns hespañolas loitan para desbotaren aquela nefasta hegemonía, saír os diputadifios madrileiros con esa tocata, e cousa que fai rir...

¿Pro non veu a independencia do Portugal a causa do empeño imperialista de querer castellanizar-o? E os portugueses, en portugués, non fixeron a súa gloriosa Historia e a súa forte cultura, sabendo termaren dun imperio colonial, dos maores das potencias da Europa, mentras nós perdimos vergoñosamente para sempre o noso? ¿Non son mais universaes Eça de Queiroz ou Eugenio de Castro, que tódol-os literatos e poetas castelás? ¿Non é pol-o camiño do idioma común polo que pasan

#### 6) FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

## PROCESO DA CULTURA GALEGA

CONFERENCIA lida na noite do 24 de Febreiro de 1917 na Irmandade da Fala da Cruña, pol-o seu autor, noso irmán e mestre D. Florencio Vaamonde.

dose hoxe como se preconiza en Alemania e outros pobos cultos os arrendamentos a longo prazo, non sei como hay quen mire con malos ollos unha institución que redimiu o campesino galego, que é aínda útil. O mal que se lle atribue non pertence á esencia do foro; esta non ten nada que modificar. O rebello de dilixencias e gravosos expedientes curialescos, sobre todo nos prorrates, é o que debera reformarse, e eso é que deberían pedir os enemigos do foro.

As prantacións das viñas seguían en aumento e os mosteiros aforaban terras para o cultivo da vide, e por eses foros vímos en conocimiento de que as viñas recibían tres calas e unha poda cada ano e que se inzaban as cepas por escallos e morgós. Cultivábanse os cereais, sobre todo o painzo, e mantiñábase a xente do veado e de carne e leite do gado do que había rebaños e cabezas en gran número. Edificábanse castelos para seguridade do pobo, e c'o descuberta do corpo do Apostolo Santiago fúndase a Igrexa compostelá, e coas súas primeiras doacións bota os cimentos da súa prosperidade e grandeza, chegando a ser visitada por emperadores e reis, por ricos e pobres, por ex-

tranxeiros e por naturás, e deuse terino ó admirabile *Portico da Gloria*, esa preciosidade sin rival no seu xénero, e as fundacións de Mosteiros continuaban, e os mesmos fundadores ou donantes, moitas veces acollíanse a eles para acabar alí os seus días. Pedro Martín de Mezonzo compon a *Salve Rexina*, himno que algú non dudaron en atribuir aos anxes. O entusiasmo por copiar códices e adquirir libros chega a ser inmenso, e mulles como a nobre Leodgunda, filla do Rey Ordoño, non dudan un momento o poñérense a tan fermoso traballo, e moitos estranxeiros viñan de longas terras a buscar e copiar aquelas obras de que carecían e de que eran ricos os mosteiros gallegos. San Rosende deixa ao de Celanova preciosos libros. San Froilán levaba os seus nos seus viaxes. Había tamen fundacións benéficas e non se descuidaban as obras públicas, sobre todo, camiños e pontes, e nos campos facíanse prantacións de oliveiras, e as pelegrinacións a Santiago tomaban gran incremento.

Aparece daquela un grande home, o bispo compostelan D. Diego Gelmires, e este home extraordinario fai relocir para Galicia os brillantísimos días de Miro, us e outros os mais gloriosos da súa historia, home tan grande que di Lafuente que houbera sido rey se non fora bispo. Este recorreu Franza e Italia; conseguiu elevar á dinidade superior o bispado; él repartía as súas riquezas liberalmente; él restabeceu o insiño e sostíña en París aos estudantes santiagueses. El deu foros aos burgueses e formou unha escuadra, fomentando así a

Mariña. Chamou ao seu lado sabios estranxeiros, artistas ilustres, e protexeu e rodeouse de cantas persoas de saber tiña noticia, e fixo erguer en Santiago edificios de gran mérito.

Os homes superiores aparecían como por encanto. A cultura difundíase de unha maneira asombrosa. Pedro Compostelan no seu poema *De consolatione rationis*, dinos cales eran os conocimientos de Galicia cando escribiu os seus versos. Bernaldo Compostelan fai unha colección diplomática, a cuarta que se coñeceu en Europa, que mereceu grandes eloxios de Mafei; Nuno Alfonso escribía as partes mais difíciles da *Historia Compostelá*; o mestre Estebo, un dos homes mais doutos do seu tempo escribía a *Vida e milagros de San Rosende*; Pedro Mica facíase notar polos seus himnos, facendose notabre tamen na arquitectura o mestre Raimundo.

As crases agrícolas lograda súa mais preciada conquista, non considerándose ligadas á gleba seus individuos, dende o momento no que, mercede ao foro, podía trocar de Señor e rompelo odio lazo da adscripción, así chegou o servo a ser home e propietario. Os municipios tomaban preponderancia e o poder da nobreza íbase minando.

O idioma galego aparece loitando c'o latino, e como moito propio para a lírica, ponse de moda e alcanza o mais alto grado de esplendor no século XIII, cando a influencia literaria dos trovadores provenzais chegara a Galicia por medio dos pelegrís que viñan visital-o sepulcro de Santiago e pol-os cabaleiros que formaban o lindo cortexo do



por Lisboa cantos brasileiros visitan Europa, mentras polo camiño do castelán os hispano-americanos denantes que a Hespafia castelanizada dirixense a Francia e Inglaterra? ¿Non s'afundi Hespafia na decadenza suprema, en castelán, e non vai camiño de salvarse polo resurdimento liberador das nazionalidás ibéricas que fan a súa cultura en idiomas difrentes do castelán, pro tan hespañoles com'o castelán?

O pensamento cativo da Diputación de Madrid é un estorbo para unha grand'Iberia. Que non apodreza as oracións patrióticas aquela cova de caciques centralistas. Que a súa voz seja voz no deserto da estepa lita.

\*\*\*

Fai un ano, falar d'autonomía integral, era falar en separatista.

Hoje, já non se dubida de que é respetable o direito a aquela autonomía.

Todol-os caciques galegos din que a autonomía é boa. Pero...inventaron un novo truco: o de que Galicia non está preparada para ela. ¡Ora o demo!

Recollamos prendas: a autonomía é boa... Falta a preparación.

Pois ben: fáganse Cortes Constituentes, previas unhas eleccións nas que, como garantía excepcional, a vontade galega polda manifestarse, sin ter que ver con segredarios, alcaldes, jueces munnicipaes e diputacións provinciaes; unificando colegios, con voto segredo. sin facerse o exercicio do sufragio nun só día, anunciando a reforma da Constitución, e a creazón dos nosos concellos a base da parroquia, e como eisi non terán os labregos nin vilegos medo a vianganzas e a cadea vergofiosa do ministerio da Gobernación ficará crebada, veremos logo, si está ou nón Galicia en getto de sere autónoma e libre.

¿Cúmprevos a idea caciques?

\*\*\*

Inda hai parvos que din que o da autonomía e cousa lírica. Que a Galicia o que lle convien son ferrocarris.

Un señor de Fonsagrada, falou d'isto no Orzán. E vel-ehi, Irlanda, Polonia, Cataluña e Euskadi, teñen ferrocarris. Teñen inensos progresos materiais. Sin embargo, por riba de todo, loltan polo *lirismo* autonómico.

Namentras os homes *práticos* polo getto do de Fonsagrada, sin querer, con fonda in-

conscencia, dan a pauta do antipatriotismo: Si todo consiste en ferrocarris e progresos materiais, millor que hespañoles, sejamos colonia yanqui ou inglesa. ¿Non é certo, víguezes?

Nun ano, asín, adelantaremos mais que con Hespafia en vinte.

Mas decatémonos que todas istas parvadas que se veñen ceibando dende que os galeguistas traballan, responden a unha só tristeira realidá: a de sermos escravos dunha cultura extraña; a de non termos felto unha cultura propia; a de vivír de costas ao mais singelo idealismo trascendente.

Pobreza, inda millor que pobreza, falta d'espírito. E tamén laberqueiría caciquil. Medo á perda do mandião.

\*\*\*

Un fillo de Riestra, segredario da presidencia do Consello de Ministros.

Quiroga Espin e Souto Regueira, altos carregos.

Cristobal de Castro, gobernador civil. Burell, o home creador d'orgalsmos para colocar amigos, fundando un negociado de imprensa con os cartos do país.

¡Os "señoritos da Regencia", están tolos! E España non poido chegar a menos.

Como non lev'o demo o tinglado centralista axiña, será cousa d'emigrar.

Pro iso vaise... Deus cega aos que quere perdere.

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

## HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELHOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado

A CRUÑA

—Adeus, Fuco.

—Adeus, Xan.

—Pra onde vas.

—Bouche pr'á casa do noso irmán,

A. Gude, a Rua Real, 59, 1.º, a faguerme un iraxe d'aqueles qu'él fai fan bos e xeifosos.

## FRÁBICA MECÁNICA

:-: DE CALZADO :-:

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

## GRAN FONDA Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

## Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Rainha), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Faise cárrago de todas as cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGABADO

A CRUÑA

Telef. 434

## Os viños e coñas millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouth más selecto

de mundial e reconcida sona é o ZINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

## Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 e 41-2.º piso.—A CRUÑA



## Filios de A. Barceló (S. en C.) MÁLAGA

Cosecheiros, esportadores de viños seletos da España, oxén, ansados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sosa chamadas

### ANÍS DOUS MONOS

RON LA LUCÍE

OXÉN SUPERFINO

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

## LA MODERNISTA GRAN SALÓN DE BARBEIRIA

— DE —

### RAMOSE ACEA

San Andrés 94, 1.º — A CRUÑA

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todos os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclós e friclós de todas clases.

Nota: Neste establecemento atopará o público un servizo permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

## NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícos e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse o autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo a metade do prezo sinalado.

**¡GUERRA AOS CALLOS!**  
Callos, Sabaños e Ollos de galo  
cúranse co

## Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Exposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez  
Representante: Manuel Sánchez - A Cruña

De venta n'as boas Boticas

## Obras portuguesas en portugués

As millores de Eça de Queiroz, de Guerra Junqueiro, de Eugenio de Castro, de Camoes

Tamén as principais de autores galegos

Véndense n'a librería de P. CUÉ e C.ª

RUA REAL, 49. — A CRUÑA

## H. LA PALOMA

— DE —

### Ramón Morandeira

Este espléndido establecemento, situado no máis céntrico da poboación, axeitado á altura dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadas habitazóns, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa polo exebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

### LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle costé pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrela de

### Xosé Varela

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO

## MONTERO E COMPAÑÍA

Oficina tética e almacén de venda:

Rúa de Emilio Castelar, 8

Depósitos:

Calle del Castillo, 12 — Lugo

Direitor:

D. FERNANDO M. DOIZTUA, Inxeniera

Venda e colocación de toda clase de máquinas agrícolas e industriaes

Estudo de toda clase de proxectos e construcións  
PRESUPUESTOS GRATIS

Sulfatos, semillas, carburo, benzol e bencina

## Consultorio Médico-Quirúrxico

### J. Lastres

Consulta e tratamento d'as enfermidades en general

ESPECIALIDADES

Piel, (incruso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas) — Peito, Estómago, Anemia

Reumatismo, Artritis deformantes

Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete 1 isoterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos e prezos a horas convencionaes

Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquina a Picavía)

A CRUÑA

### VIÑOS FINOS


## RIOXA = MEDOC

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

## WALDO LOSADA = A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión



## COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directo desde o porto da Cruña

### LINEA DE HABANA A VERACRUS

Prezo en terceira á Habana. . . . .

Veracrús . . . . .

Ptas. 298'60

313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba polo prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todos os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clase d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

## D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.— Quedan sin efecto todas as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.